



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

14 JUN. 2024 14:46:45

Entrada **30308**

## Sobre o estado da licitación do estudo sobre a variante ferroviaria entre Lugo e Santiago

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á licitación do estudo de viabilidade da conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago de Compostela.**

No Acordo de Investidura asinado co BNG en 2023, contéplase que se licitará neste ano 2024 un estudo dunha variante entre Curtis e Ordes para facilitar a conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago de Compostela.

Esta é unha das principais demandas do BNG en materia ferroviaria para Lugo posto que permitiría conectar de forma directa as cidades de Lugo e Santiago de Compostela, coa construción dun tramo de apenas 27 km de vía, entre as paradas de Curtis e Ordes. O déficit histórico que Galiza acumula en infraestruturas ferroviarias é aínda maior no caso de Lugo que ficou fóra do mapa de modernización do ferrocarril. Por riba, os lugueses e luguesas non contan cunha comunicación directa con Santiago, o que disuade de coller o tren para a mobilidade e o tránsito diario.

Precisamente nunha resposta do Ministerio de Transportes ao BNG en relación aos servizos ferroviarios de Lugo e a necesidade de melloralos, o Ministerio indica que “actualmente está a traballar na preparación da licitación do estudo de viabilidade da mellora da conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago”, mais non aporta máis información sobre o estado dos trámites nin do calendario que prevé o Ministerio para esta actuación.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

14 JUN. 2024 14:46:45

Entrada **30308**



**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. En que estado está a licitación do estudo de viabilidade da mellora da conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago que o BNG incluíu no Acordo de Investidura?
2. Que prazos temporais manexa o Ministerio de Transportes para a aprobación da licitación?
3. Vai aumentar as frecuencias e servizos ferroviarios entre Lugo e A Coruña?
4. Que outras actuacións ten previstas para a mellora e modernización dos servizos ferroviarios en Lugo?

Madrid, a 14 de xuño de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la licitación del estudio de viabilidad de la conexión ferroviaria entre Lugo y Santiago de Compostela.**

En el Acuerdo de Inversión firmado con el BNG en 2023, se contempla que se licitará en el 2024 el estudio de una variante entre Curtis y Ordes para facilitar la conexión ferroviaria entre Lugo y Santiago de Compostela.

Esta es una de las principales demandas del BNG en materia ferroviaria para Lugo puesto que permitiría conectar de forma directa las ciudades de Lugo y Santiago de Compostela, con la construcción de un tramo de apenas 27 km de vía, entre las paradas de Curtis y Ordes. El déficit histórico que Galiza acumula en infraestructuras ferroviarias es aún mayor en el caso de Lugo que quedó fuera del mapa de modernización del ferrocarril. Por encima, los lugueses y luguesas no cuentan con una comunicación directa con Santiago, lo que disuade de coger el tren para la movilidad y el tránsito diario.

Precisamente en una respuesta del Ministerio de Transportes al BNG en relación a los servicios ferroviarios de Lugo y la necesidad de mejorarlos, el Ministerio indica que “actualmente está trabajando en la preparación de la licitación del estudio de viabilidad de la mejora de la conexión ferroviaria entre Lugo y Santiago”, pero no aporta más información sobre el estado de los trámites ni del calendario que prevé el Ministerio para esta actuación.



**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿En qué estado está la licitación del estudio de viabilidad de la mejora de la conexión ferroviaria entre Lugo y Santiago que el BNG incluyó en el Acuerdo de Inversión?
2. ¿Qué plazos temporales maneja el Ministerio de Transportes para la aprobación de la licitación?
3. ¿Va a aumentar las frecuencias y servicios ferroviarios entre Lugo y A Coruña?
4. ¿Qué otras actuaciones tiene previstas para la mejora y modernización de los servicios ferroviarios en Lugo?

Madrid, a 14 de junio de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**